



Concello de Cospeito

Asunto: Aceptar renuncia e contratación do seguinte candidato da listaxe de reserva como persoal laboral temporal para a cobertura do alumnado-traballador do Obradoiro Dual de Emprego Camiño da Chaira IX
Expte.: 1127/2025

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por resolución de Alcaldía número 2026-0304 de data 7 de maio de 2026 resultaron aprobadas as bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación temporal do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego Camiño da Chaira IX financiado ao abeiro da Resolución de concesión de subvención para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego denominado "CAMIÑO DA CHAIRA IX" solicitada polo Concello de Castro de Rei, Outeiro de Rei e Cospeito segundo a solicitude presentada a partir da Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (procedemento TR353A). Para elaborar estas bases respéctanse as instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego, emitidas pola Dirección Xeral de Formación e Colocación para o emprego o 20/04/2026

Por Resolución de Alcaldía número 2026-0312 de data 11 de maio de 2026, foi nomeado o Tribunal de selección.

Vista as actas do Tribunal de selección de data 19 de maio de 2026 e de data 21 de maio de 2026 e atendendo á súa proposta de contratación.

Vista a documentación presentada polos candidatos.

Vista a Resolución de Alcaldía Nº 2026- 350 de data 25/05/2026 da contratación do alumnado-traballador do Obradoiro " Camiño da Chaira IX "

Vista a renuncia presentada para a praza de alumno- traballador da especialidade LEVANTAMENTOS E REPLANTEOS que se impartirá no Concello de Outeiro de Rei por D^a Almudena Rodríguez Pollán con número RE-457 en data 28 de maio de 2026

Visto canto antece, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia da candidata como alumna-traballadora da especialidade LEVANTAMENTOS E REPLANTEOS que se impartirá no Concello de Outeiro de Rei , e contratar para o devandito posto ao seguinte aspirante incluído na lista de reserva da correspondente praza, seguindo a orde de puntuación obtida no proceso selectivo:

1-TEIJIDO FERREIRO, CRISTINA

SEGUNDO.- Que se comunique esta contratación á Intervención municipal, a Tesourería municipal e ao organismo competente da Xunta de Galicia así como a Oficina de Emprego de Lugo Sur aos efectos que procedan.

TERCEIRO.- Dar conta da presente resolución ó seguinte Pleno ordinario que se celebre.

O manda e asina o Sr. Alcalde, D. Armando Castosa Alvariño, en Cospeito; do que eu, como Secretaria, dou fé.

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102

DECRETO
Número: 2026-0376 Data: 01/06/2026

Cod. Validación: 9N31.90HD.XSNZS65ZRY7W77HSN
Corrección: <https://concellocospeito.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2





Concello de Cospeito

Don Armando Castosa Alvariño,
Alcalde-presidente

Dona Ana María Rubiera Álvarez
Secretaria Xeral

DOCUMENTO DATADO E ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

DECRETO
Número: 2026-0376 Data: 01/06/2026

Cod. Validación: 9N3I.90HD.XSNZSG5ZRY7W77HSN
Corrección: <https://concellodecospelto.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102

